



## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E AS ASOCIACIONES INSERTA EMPLEO E ILUNION EMPLEO PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA “EU SON DGAN” EN PRO DA INSERCIÓN LABORAL DOS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL CON E SEN DISCAPACIDADE**

En Santiago de Compostela, a 20 de novembro de 2017

### **REUNIDOS**

MARTA MÍGUEZ TELLE, secretaria xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, no uso das competencias desconcentradas nos secretarios xerais dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, en virtude da disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Francisco Botía Robles maior de idade, con D.N.I. 51655789C, en nome e representación de Asociación ILUNION Empleo entidade con domicilio en Madrid, calle Comandante Azcárraga, 5, con C.I.F. nº G-81988362 constituída, mediante escritura outorgada ante o Notario de Madrid D. Antonio Crespo Monerri en data 25 de marzo de 1998, co nº 1.244 do seu protocolo. Actúa en calidade de apoderado da citada entidade, en virtude de escritura de poder outorgada ante o Notario de Madrid D Alberto Bravo Olaciregui en data 6 de febreiro de 2017 co nº 283 do seu protocolo.

Virginia Carcedo Illera, con NIF número 16.303.537 X, en nome e representación da Asociación Inserta Empleo, organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, domiciliada en Madrid, C/ Comandante Azcárraga, nº 5 e con CIF G-85.563.302, constituída por tempo indefinido, mediante escritura, outorgada ante o Notario de Madrid D. Alberto Bravo Olaciregui, en data 17 de novembro de 2008, co número 1.969 do seu protocolo, constituída mediante Acta Fundacional de data 30 de xuño de 2008, e inscrita no Rexistro Nacional de Aso-



ciacións con data 9 de outubro de 2008 no Grupo 1, Sección 1, número nacional 591455 (no sucesivo, Inserta). Actúa na súa calidade de apoderada da citada entidade en virtude de escritura de poder outorgada ante o Notario de Madrid D. Federico Garayalde Neno, en data 11 de febreiro de 2016, co número 246 do seu protocolo.

As partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que teñen conferidas, que manifestan están vixentes e non lles foron, de ningún xeito, limitadas nin revogadas, polo que se recoñecen mutuamente con capacidade legal suficiente

## EXPOÑEN

I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, de acordo co establecido no artigo 5 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

II. O artigo 5 da Lei 3/2012 do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece, entre outras competencias que lle corresponden á Administración autonómica, a de *“regular e fomentar o deporte e os deportistas de alto nivel de Galicia e as categorías de deportistas, así como os requisitos para ser incluídos nestas e os seus beneficios”*. Así, o artigo 34 reflicte que *“Terán a consideración de deportistas galegos de alto nivel, ou doutras categorías que se poidan establecer, aqueles deportistas que reúnan os requisitos establecidos regulamentariamente e sexan recoñecidos como tales pola Administración autonómica en función dos seus resultados, proxección, nivel deportivo, expectativas de progreso e interese para o deporte galego”*.



III. O Decreto 6/2004, do 8 de xaneiro, polo que se regula a cualificación dos Deportistas galegos de alto nivel e os programas de beneficios dirixidos a estes, e a Orde do 30 de maio de 2005 pola que se establecen os requisitos deportivos para o acceso á condición de deportista galego de alto nivel regulan o procedemento e os criterios polos que se obtén a condición de deportista galego de alto nivel, así como os beneficios dirixidos a eles, co obxectivo de axudar aos deportistas participantes en actividades de alto nivel e que como tales fosen recoñecidos.

IV. En virtude da lexislación referida, é o obxectivo prioritario para a Secretaría Xeral para o Deporte o apoio, en todas as ordes, aos deportistas galegos de alto nivel, que o son e que o foron, procurando todos os medios necesarios para facilitar a súa incorporación ao sistema educativo e a súa plena integración social, laboral e profesional.

V. A Asociación Inserta Empleo (dependente da Fundación ONCE) entidade declarada de utilidade pública, dispón dunha consultora de recursos humanos experta no desenvolvemento de programas de formación, emprego e consultoría especialmente dirixidos a potenciar a inserción laboral das persoas con discapacidade, beneficiaria da implementación dos programas operativos de inclusión social e da economía social e do Programa Operativo de Empleo Juvenil, polas súas siglas, POISES y POEJ respectivamente.

VI. A Asociación Ilunion Empleo (dependente da Fundación ONCE) é unha entidade sen ánimo de lucro e declarada de utilidade pública, que ofrece, tanto aos empregadores como aos demandantes de emprego, unha gama de servizos que comprenden desde a rigorosa análise das necesidades da empresa e asesoramento ata o óptimo axuste persoa-posto, pasando polo asesoramento e acompañamento en todo o proceso ata a consecución do emprego. Neste sentido atende o demandante de emprego compilando a información necesaria para analizar o seu perfil e realizar unha adecuada derivación de candidaturas ao empresario oferente.



**VII.** Que as entidades intervintes recoñecen que o deporte de alto nivel lles posibilita ás persoas con e sen discapacidade o desenvolvemento de altas capacidades inherentes á práctica deportiva e que o deporte é un vehículo que facilita a integración socio-laboral das persoas con discapacidade, polo que é necesario asegurar o seu desenvolvemento persoal e profesional, tanto no mundo da alta competición como fóra del, en igualdade de condicións co resto de deportistas, velando pola súa formación e empregabilidade, durante e despois da súa participación como deportistas de alto nivel.

**VIII.** Para tal efecto, as partes subscriben o presente convenio que se suxeitará ás seguintes

## CLÁUSULAS

### **Primeira.- Obxecto do convenio.**

O obxecto do presente convenio é instrumentar a participación conxunta entre a Secretaría Xeral para o Deporte e as asociacións Inserta Empleo e Ilunion Empleo para facilitar o desenvolvemento profesional e a integración laboral dos deportistas galegos de alto nivel con e sen discapacidade durante e unha vez finalizada a súa traxectoria no ámbito deportivo.

Para iso, as entidades asinantes promoverán a realización do programa “EU SON DGAN” (Deportista Galego de Alto Nivel) mediante a execución de proxectos e programas de cooperación en materia de fomento da formación e o emprego de calidade entre os deportistas galegos de alto nivel con e sen discapacidade.

A Asociación Inserta Empleo desenvolverá o obxecto deste convenio mediante programas de formación, emprego e consultoría especialmente dirixidos a potenciar a inserción laboral de deportistas galegos de alto nivel con discapacidade, empregando para este fin os seus propios medios e recursos.

A Asociación Ilunion Empleo desenvolverá o obxecto deste convenio mediante programas de formación, emprego e consultoría especialmente dirixidos a potenciar a inserción laboral de deportistas galegos de alto nivel sen discapacidade, compilando a información necesaria



para analizar o seu perfil, actuacións que será obxecto de subvención nas condicións e termos establecidos no presente convenio.

Con este convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte colaborará cos gastos ocasionados á Asociación Ilunion Empleo con motivo dos proxectos e programas que se leven a cabo.

### **Segunda.- Natureza e réxime xurídico**

Este convenio é de natureza administrativa, e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

Ao convenio seralle de aplicación a normativa administrativa de carácter xeral constituída basicamente pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Ademais seralle de aplicación a súa normativa específica, constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de rexistro na Base de Datos Nacional de Subvencións.

### **Terceira.- Financiamento e importe da axuda.**

O importe total do orzamento contemplada no presente convenio ascende á cifra de 237.948,00 €.

A Asociación Inserta Empleo desenvolverá, conforme ao establecido na cláusula primeira, o proxecto dirixido a deportistas galegos de alto nivel con discapacidade asumindo directamente o custe derivado das actuacións previstas con cargo aos Programas Operativos de Inclusión Social e Economía Social e Programa Operativo de Empleo Juvenil. Dito custe cuantifícase en 43.178,00 euros do importe do orzamento total (237.948,00 euros) contemplado no presente convenio



Co fin de cumprir o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concédelle a asociación Ilunion Empleo unha axuda por importe de 194.770,00 €, dividida en tres anualidades que se especifica e imputable á aplicación orzamentaria e anualidade que deseguido se identifican:

Anualidade 2017: 19.190 €

Anualidade 2018: 87.790 €

Anualidade 2019: 87.790 €

Aplicación: Capítulo IV - Outras entidades: 04.40.441A.481.9

O importe anterior destinarase á realización de proxectos e programas de cooperación en materia de fomento da formación e o emprego de calidade entre os deportistas galegos de alto nivel sen discapacidade.

Terán a consideración de gastos subvencionables, o custe de persoal (incluída a Seguridade Social a cargo da entidade e as pagas extraordinarias), os gastos de desprazamento e manutención, os gastos de coordinación do proxecto, a amortización dos equipos informáticos, o custe das comunicacións (teléfono e datos móbiles), así como o consumo de materiais funxibles. Se consideran tamén gastos subvencionables a realización das accións de mellora para o emprego co colectivo así como as accións de comunicación e sensibilización co colectivo ao que vai dirixido o proxecto.

Os gastos que se devenguen a partir do 15 de decembro de cada ano natural consideraranse subvencionables con cargo á anualidade do exercicio seguinte, agás no último exercicio

#### **Cuarta.- Concorrencia con outras axudas.**

A subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar os beneficiarios para a realización das actuacións obxecto deste convenio, sempre que a suma de todas as subvencións e axudas non superen os gastos asumidos con motivo das ditas actuacións

#### **Quinta.- Obrigas das asociacións Ilunion Empleo e Inserta Empleo**

5.1. Xunto ás obrigas legais que se deriven dos ámbitos materiais das subvencións, contratación e calquera outros que lles sexan de aplicación, así como as demais obrigas establecidas



neste convenio, son obrigas das asociacións o cumprimento dos seus termos así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, e nos artigos correspondentes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5.2. Para a sinatura, seguimento e control do convenio, é requisito indispensable a presentación da seguinte documentación:

a) Anexo I:

- Declaración doutras subvencións ou axudas concedidas ou solicitadas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos, ou privados, nacionais, da UE, ou de organismos internacionais.
- Declaración de non atoparse incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.
- Declaración de non atoparse incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e demais normativas concordantes.
- Declaración de estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e ao artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Declaración de que todas as persoas vinculadas ás asociacións con motivo do desenvolvemento da actividade obxecto do convenio que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).
- Declaración responsable dos datos da conta bancaria onde se efectuarán os pagamentos (soamente a asociación Ilunion Empleo).

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á súa consulta deberán achegar os seguintes documentos:

- DNI ou NIE da persoa representante.



- NIF da entidade.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social.
- Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

b) Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

5.3. Con carácter posterior á firma do convenio, as asociacións estarán suxeitas ás seguintes obrigas de carácter xeral e específico:

#### 5.3.1. Obrigas de carácter xeral

a) Executar o obxecto do convenio.

b) A asociación Ilunion Empleo deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida e someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Secretaría Xeral para o Deporte, así como facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, para a prevención da corrupción, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, modificada pola Lei 8/2015, do 7 de agosto, e co Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, as asociacións quedan sometidas aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia e, se fose o caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.

c) A asociación Ilunion Empleo deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, para o efecto das actuacións de comprobación e control.



d) Asegurar a presenza da Secretaría Xeral para o Deporte en toda a publicidade que realicen as asociacións, sexa por cartelería, a través dos medios de comunicación ou calquera outro soporte utilizado, incluída a internet, para a difusión da súa actividade..

e) Subministrarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, logo do correspondente requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Secretaría Xeral para o Deporte das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

### 5.3.2. Obrigas de carácter específico

-Levar a cabo accións de difusión, sensibilización, captación, información, orientación e intermediación laboral, dirixidas, tanto ao colectivo de deportistas galegos de alto nivel con e sen discapacidade así como aos empresarios e axentes sociais, de maneira que se fomente a consecución do obxecto da colaboración expresado na cláusula primeira.

-Difusión entre os axentes sociais, principalmente no ámbito empresarial, do valor engadido que os mencionados deportistas atesouran pola súa probada experiencia de superación ao longo da súa preparación deportiva, na que teñen especial preponderancia a resiliencia, o esforzo constante e o traballo en equipo.

-Inserta Empleo levará a cabo as actividades principais que se indican a continuación para os deportistas galegos de alto nivel con discapacidade dentro do marco dos seus programas Operativos e Ilunion Empleo para os deportistas sen discapacidade, que ostenten ou obtentaran a condición deportista galego de alto nivel e por tanto estean acollidos ao citado programa:

- Elaboración dun diagnóstico profesional e asesoramento para cada deportista galego de alto nivel susceptible de acollerse ao programa, que permita o deseño e execución dun itinerario personalizado de inserción sociolaboral. Devanditos itinerarios basearase nas altas capacidades de cada deportista propiciando a súa participación en accións formativas que poidan complementar ditas capacidades así como fomentando no seu caso o espírito emprendedor.
- Promover e formar o desenvolvemento de competencias básicas, tanto para a procura activa de emprego como o desenvolvemento de habilidades laborais



- Deseño de programas formativos a medida que permitan completar as capacidades dos deportistas con coñecementos e habilidades que lles distinguan como profesionais cualificados nos ámbitos e sectores de actividade que se identifiquen como de maior potencial para a incorporación ao mercado laboral.
- Contar con canles de comunicación específicos para este programa, que servirán para asesorar aos deportistas en todas aquelas materias que sobre o emprego e a formación poidan suscitárselles.
- Realización de campañas de sensibilización entre os deportistas de alto nivel con e sen discapacidade, co fin de poñer no seu coñecemento o presente programa e os seus distintos aspectos de desenvolvemento.
- Realización de actuacións de comunicación e sensibilización dirixidas ao colectivo empresarial con especial incidencia nas empresas adscritas ao Foro Inserta Responsable radicadas en Galicia.
- Contarase para as actividades de comunicación indicadas cun conxunto de ferramentas de sensibilización, tales como vídeos, folletos,.. que contarán cunha imaxe e identidade distintivos do Programa.
- Ilunion emprego adicará dous técnicos da súa organización para garantir a implementación das actuacións previstas neste convenio. Estes técnicos actuarán baixo a dirección da propia entidade, que se encargará asemade de facilitarlles os medios técnicos e materiais necesarios para o desenvolvemento do seu traballo. Inserta Empleo adicará persoal propio para garantir tamén a implementación das actuacións previstas neste convenio, correspondéndose este persoal co persoal técnico das oficinas de Inserta empleo, en función das necesidades do convenio. O persoal de Inserta Empleo actuará baixo a dirección da propia entidade, que se encargará asemade de facilitarlles os medios técnicos e materiais necesarios para o desenvolvemento do seu traballo

#### **Sexta.- Colaboración de entidades**



Como resultado das actividades que se despreguen para a consecución do obxecto do presente convenio poderase contar, no seu caso, coa colaboración de empresas comprometidas coa discapacidade, mediante a adopción de mecanismos que permitan a realización de contactos para determinar as necesidades das empresas e o encaixe destas necesidades nos perfís dos deportistas galegos de alto nivel.

#### **Sétima. Da subcontratación.**

1. A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando ao efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- o Que o contrato se subscriba por escrito.
- o Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.

En todo caso, de acordo co artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Secretaría Xeral para o deporte poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

2. De acordo co establecido no artigo 29 3 da citada Lei 9/2007 , cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto fose realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizarase conforme aos criterios de eficacia e economía, e no suposto de non recaer a adxudicación na



proposta económica máis vantaxosa, deberán achegar unha memoria na que se xustifique expresamente a elección do adxudicatario do contrato.

#### **Oitava.- Difusión da colaboración.-**

As partes comprométense a destacar a colaboración prestada por todas elas, incluíndo os seus propios logotipos e os das demais partes, en cuantos medios se utilicen para a promoción e difusión (insercións en prensa, programa, folletos, comunicacións, etc.) do presente convenio, así como nas actividades e na documentación que se xere como consecuencia do desenvolvemento deste, respectando en todo caso as directrices de imaxe externa e de uso do logotipo que se indiquen polas entidades.

A tales efectos, as partes facilitaranse os elementos gráficos e de imaxe correspondentes á súa identidade corporativa, que só poderán ser utilizados con tal exclusiva finalidade.

#### **Novena.- Réxime de propiedade intelectual**

Toda a documentación que se produza como consecuencia das actuacións contempladas en desenvolvemento do presente convenio, e sen prexuízo do disposto na Sección Segunda do Capítulo III do Título II da Lei de Propiedade Intelectual, aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, será propiedade de Inserta Empleo e Ilunion Empleo en alícuotas partes e poderá utilizarse nos cursos e actividades que se programen ben dentro deste convenio ou ben en colaboración con outras entidades a través de calquera tipo de convenio ou acordo, promovido en desenvolvemento do presente Convenio, sen que a Secretaría Xeral para o Deporte detente titularidade, nin poida empregar a documentación que se xere das actuacións contempladas no desenvolvemento do convenio.

#### **Décima.- Memoria.-**

As asociacións comprométense a elaborar anualmente, en colaboración con Secretaría Xeral para o Deporte, e antes de finalizar a vixencia deste Convenio, unha Memoria das actuacións desenvolvidas, con detalle dos traballos realizados e na que se renderá xustificación dos resultados alcanzados e dos custos incorridos.

#### **Decimoprimeira.- Xustificación da subvención.**

10.1. Prazo de xustificación.



De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, a asociación Ilunion Empleo deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a documentación xustificativa da subvención de cada anualidade antes do 15 de decembro de cada ano natural.

Despois de que transcorra este prazo sen presentar a xustificación correspondente nesta Secretaría Xeral para o Deporte, requiriráselle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez días presente a referida documentación. A falta de presentación de xustificación neste prazo levará a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

10.2.A xustificación dos pagamentos realizados deberá realizarse de conformidade cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia. Para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados por Ilunion Empleo.

10.3. Documentación xustificativa da subvención.

a) Anexo II, relación de documentos e declaracións para a xustificación, onde se indican, entre outros, os seguintes:

-Documentación acreditativa dos gastos de persoal (incluída a Seguridade Social a cargo da entidade e as pagas extraordinarias) mediante copia das nóminas e do recibo de cotización das liquidacións. Inclúese nestes gastos os gastos consistentes en custes laborais, empregados na xustificación desta subvención, que quedan suxeitos ás seguintes regras:

a) Entenderase exclusivamente por custes laborais dos dous técnicos consistentes nas remuneracións realizadas aos traballadores e as súas correspondentes cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (IRPF), así como as cotizacións sociais correspondentes ás entidades.

b) A xustificación dos custes laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do director/a do proxecto, na que se estableza que os traballadores cuxos custes laborais se imputan á subvención son persoal laboral da asociación ILUNION empleo adscritos á realización das accións previstas neste convenio.



c) Co obxectivo de garantir o dereito á igualdade salarial e á non discriminación retributiva entre homes e mulleres, só poderán ser obxecto de subvención as remuneracións respecto das que se garante, a través da oportuna certificación emitida polo director/a do proxecto, a igualdade salarial entre homes e mulleres.

-Documentación acreditativa dos gastos de desprazamento e manutención:

a) Os importes máximos subvencionables por gastos de manutención, aloxamento e desprazamento, sen prexuízo de que se aboan aos traballadores os importes previstos na regulación que lles sexa de aplicación, serán os previstos no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia para o grupo II, modificado por varios decretos posteriores (96/2011 de 5 de maio e 144/2008 de 26 de xuño), establecendo:

- Manutención completa: 37,40 €

- Media manutención: 18,70 €

- Aloxamento: 65,97 €

- Quilometraxe en vehículo particular: 0,19 € /km

b) Cando se presenten xustificantes que excedan estas cantidades, soamente será subvencionable o importe establecido no Decreto citado anteriormente.

c) Para a xustificación de gastos de manutención, aloxamento, viaxes, peaxes e aparcadoiro é preciso presentar as facturas xustificativas do gasto, facturas simplificadas ou billetes de transporte cos seus correspondentes xustificantes de pagamento e incluírá, en todo caso, o motivo e o lugar ao que se viaxa, o intervalo de datas no que se produciu a viaxe e a relación dos viaxeiros e a súa función. No caso de ser xestionado por unha axencia de viaxes deberá presentarse ademais a factura detallada dos servizos prestados e documento acreditativo do pagamento desta.

-Documentación acreditativa dos gastos de coordinación do proxecto: Deberá acreditarse mediante memoria xustificativa dos gastos de coordinación do proxecto elaborada pola persoa que asume a dirección do proxecto, xunto cos xustificantes de gasto realizados por esta persoa.



-Documentación acreditativa da adquisición de equipos informáticos e do cálculo do importe anual da amortización dos equipos para a súa valoración, gasto en comunicacións (teléfono e datos móbiles), así como o consumo de materiais funxibles e os gastos derivados de accións de mellora para o emprego co colectivo así como as accións de comunicación e sensibilización co colectivo ao que vai dirixido o proxecto.

-Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente.

e)a xustificación dos pagamentos deberá acreditar que se fixeron cos requisitos esixidos no artigo 42 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento de subvencións de Galicia

#### **Décimo segunda.- Vixencia do convenio e causas de resolución.**

A vixencia do convenio estenderase dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019, podendo prorrogarse de forma expresa por acordo das partes, mediante a sinatura dunha addenda tramitada consonte o procedemento legalmente establecido, por anos naturais, cunha duración máxima de ata tres anos adicionais

Son causas de resolución do convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas nel por causas non imputables ás partes.
- 3.- O acordo entre as partes.

#### **Décimo terceira.- Supostos de reintegro.**

No caso de que as entidades asinantes incumpriran o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará total ou parcialmente a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro total ou parcial por parte do beneficiario das cantidades percibidas e as esixencia dos xuros de mora correspondentes, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño. As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59, 60 e 61 da citada lei.



#### **Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro de axudas.**

O beneficiario da axuda coñece e consente a inclusión dos seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dársele publicidade a esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

O convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e a súa sinatura leva implícito o consentimento expreso das partes para as obrigas de publicidade impostas pola dita norma.

#### **Décimo quinta. Comisión de seguimento e interpretación.**

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Tres representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes, un por cada asociación.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación coa concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse pola Secretaría Xeral para o Deporte como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a disposición adicional segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.



A Comisión reunirse unha vez ao ano e tantas veces como sexa necesario para a boa marcha das actuacións para desenvolver no marco do Convenio. Levantarase acta dos acordos adoptados nas devanditas reunións.

A Secretaría da Comisión será desempeñada por un representante da Asociación Inserta em-prego.

Así mesmo poderán asistir ás reunións desta comisión os expertos que se designen en cada caso polas partes necesarios para o mellor desenvolvemento dos correspondentes traballos. Con todo, a presenza dos devanditos expertos circunscribírase á súa calidade de asesores, non tendo en ningún caso dereito de voto, nin os dereitos executivos que lles corresponden aos membros da devandita comisión.

#### **Décimo sexta.- Confidencialidade e tratamento de datos persoais**

As partes comprométense a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información de carácter confidencial que lle sexan fornecidas en méritos do presente Convenio, a non ser que por parte destas se autorizase expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ao tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes asinantes ou calquera das sociedades que integran os seus respectivos grupos de empresas puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente Convenio.

Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento, as disposicións contidas na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (en diante, LOPD), así como no Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e en calquera outras normas vixentes ou que no futuro poidan promulgarse sobre a devandita materia, comprometéndose a deixar indemne á outra parte contractual de calquera responsabilidade que se puidese declarar como consecuencia do incumprimento das obrigacións que en materia de protección de datos de carácter persoal lles incumben a cada unha delas.

En particular, se para o correcto desenvolvemento da colaboración determinada no presente Convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte dese ás Asociacións acceso a datos de carácter persoal, ou as asociacións desen ou facilitasen o acceso a posibles empregadores a datos de



carácter persoal, ben directamente ou ben a través de calquera das sociedades dos seus respectivos grupos de empresas que interveñan na execución do presente Convenio, este acceso será realizado en todo momento de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de protección de datos, en virtude do establecido no artigo 12 da LOPD, en función do cal se determina que a parte que, no seu caso, tivese acceso aos devanditos datos asumiría as seguintes obrigacións:

- Non aplicar ou utilizar os datos persoais para fins distintos aos que figuren no presente Convenio, nin cedelos nin sequer para a súa conservación a outras persoas.
- Gardar segredo profesional respecto destes, aínda despois de finalizar a colaboración delimitada polo presente Convenio.
- Cumprir en todo momento coas prescricións establecidas pola lexislación vixente en materia de protección de datos e trasladar as obrigacións citadas nos parágrafos anteriores ao persoal que colabore e interveña no desenvolvemento das accións que se deriven do cumprimento do presente Convenio.
- Cumprida a colaboración delimitada polo presente Convenio, deberá destruír todos os datos de carácter persoal tratados, de forma que non poidan resultar recuperables nin reutilizables de ningún xeito.

#### **Décimo sétima.- Dirección e xestión**

A asociación ILUNION Empleo e a entidade Inserta Empleo achegan a súa propia dirección e xestión para o desenvolvemento das actividades previstas neste convenio, sendo responsables da súa organización, e impartirán aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo.

Dos acordos que se reflicten neste convenio de colaboración non se deriva, en ningún dos casos, dereitos ou obrigas de carácter laboral en relación coa Secretaría Xeral para o Deporte.

Para a execución do proxecto, sen prexuízo das actividades que se realicen normalmente nas súas oficinas, as entidades asinantes poderán dispoñer dun local nas oficinas da Escola Galega de Administración Pública para a realización do traballo. A dotación deste local, a organización física das instalacións, sen prexuízo das limitacións que poida impoñer a Administra-



ción, e a provisión de medios materiais deste (mobiliario, material de oficina, material informático e de comunicacións) corresponde á Ilunion Empleo e a Inserta Empleo.

A persoa encargada da dirección do proxecto dirixirá e organizará a actividade dos traballadores da entidade alí destacados, controlando, ademais, a execución do servizo. A través desta directora canalizaranse as posibles incidencias que se formulen na execución dos traballos.

É responsabilidade das entidades asinantes facilitar aos seus traballadores os medios materiais necesarios para levar a cabo o seu traballo.

As entidades deberán concertar ou acreditar que dispón dun seguro de responsabilidade civil que cubra todas as súas posibles responsabilidades ante a Administración derivadas da execución do convenio. Así mesmo deberá constituír un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles danos nos bens públicos que se ocupen ou que se utilicen.

É responsabilidade das **entidades** asinantes impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a Administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Corresponde así mesmo ás entidades asinantes a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

Pola Secretaría Xeral      Pola Asociación Ilunion Empleo      Pola Asociación Inserta Empleo  
Para o Deporte

Marta Míguez Telle

Francisco Botía Robles

Virginia Carcedo Illera

## ANEXO I

|                                                                                                                                                                                                                                                                                 |                        |                      |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|----------------------|
| PROCEDEMENTO                                                                                                                                                                                                                                                                    | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO            |
| <b>CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E AS ASOCIACIONS INSERTA EMPLEO E ILUNION EMPLEO PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA "EU SON DGAN" EN PRO DA INSERCIÓN LABORAL DOS DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL CON E SIN DISCAPACIDADE</b> | <b>PR004A</b>          | <b>DOCUMENTACIÓN</b> |

### DATOS DA ENTIDADE

|               |             |                    |            |      |       |  |
|---------------|-------------|--------------------|------------|------|-------|--|
| RAZÓN SOCIAL  |             |                    |            |      | NIF   |  |
| TIPO          | NOME DA VÍA | NUM                | BLOQ       | PISO | PORTA |  |
| PARROQUIA     |             | LUGAR              |            |      |       |  |
| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA   | CONCELLO           | LOCALIDADE |      |       |  |
| TELÉFONO      | FAX         | CORREO ELECTRÓNICO |            |      |       |  |

### E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

|                |                  |                 |     |
|----------------|------------------|-----------------|-----|
| NOME           | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
| EN CALIDADE DE |                  |                 |     |

### DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                        |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|
| Notifíquese a:                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | • Persoa representante |
| <p>Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a>.</p> <p>Só poderán acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.</p> <p>Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico ou teléfono móbil facilitados a continuación:</p> |                        |
| TELÉFONO MÓBIL                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                         | CORREO ELECTRÓNICO     |

### DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

|                  |                                       |
|------------------|---------------------------------------|
| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) |
|                  | IBAN                                  |

**ANEXO I**  
**(continuación)**

**A PESSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos.
  - ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos, que son as que a continuación se relacionan:

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se axuntan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pago das obrigas por reintegro de subvencións, conforme ao artigo 10.2.g da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro..
6. Estar cumprindo, así como manter durante todo o período de vixencia do convenio, o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
7. Todas as persoas vinculadas a Ilunion Empleo e Inserta Empleo con motivo do desenvolvemento da actividade obxecto deste convenio que estean en contacto con menores, están en posesión do certificado negativo do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais (en cumprimento do artigo 13 da Lei Orgánica 1/1996 do 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificado pola Lei 26/2015 do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

## COMPROBACIÓN DE DATOS

**Os documentos relacionados serán obxecto de consulta electrónica automatizada.**

- |                                                                                                                   |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ▪ DNI ou NIE da persoa representante                                                                              |
| ▪ NIF da entidade                                                                                                 |
| ▪ Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT                                |
| ▪ Certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas fronte á Seguridade Social                          |
| ▪ Certificado de non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma |

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, se lle informa de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia ao obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a **Secretaría Xeral para o Deporte**, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a **programas.deportes@xunta.gal**.

**SINATURA DA PESSOA REPRESENTANTE**

## Secretaría Xeral para o Deporte

## ANEXO II

### RELACIÓN DE DOCUMENTOS E DECLARACIÓNS PARA A XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

|                          |     |
|--------------------------|-----|
| <b>DATOS DA ENTIDADE</b> |     |
| RAZÓN SOCIAL             | NIF |
|                          |     |

|                                                                                                                      |                  |                 |     |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------|-----|
| <b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito) |                  |                 |     |
| NOME                                                                                                                 | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|                                                                                                                      |                  |                 |     |
| EN CALIDADE DE                                                                                                       |                  |                 |     |
|                                                                                                                      |                  |                 |     |

|                                                                                         |
|-----------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>A PERSONA REPRESENTANTE DECLARA:</b>                                                 |
| 1. Que a subvención total concedida con cargo ao Convenio asinado foi de _____ €        |
| 2. Que todos os datos contidos neste e nos demais documentos que se achegan son certos. |

|                                                                                                                                                                                                      |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA</b>                                                                                                                                                                 |
| Documentación acreditativa dos gastos de persoal (incluída a Seguridade Social a cargo da entidade e as pagas extraordinarias).                                                                      |
| Documentación acreditativa dos gastos de desprazamento e manutención-                                                                                                                                |
| Documentación acreditativa dos gastos de coordinación do proxecto                                                                                                                                    |
| Documentación acreditativa da adquisición de equipos informáticos/valoración da amortización                                                                                                         |
| Documentación acreditativa do gasto en comunicacións (teléfono e datos móbiles), así como o consumo de materiais funxibles.                                                                          |
| Documentación acreditativa dos gastos derivados de accións de mellora para o emprego co colectivo así como as accións de comunicación e sensibilización co colectivo ao que vai dirixido o proxecto  |
| <input type="checkbox"/> Memoria económica explicativa do obxecto do convenio.                                                                                                                       |
| <input type="checkbox"/> Acreditación do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte, mediante a presentación da documentación gráfica correspondente. |

|                                         |   |  |    |  |    |
|-----------------------------------------|---|--|----|--|----|
| <b>SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE</b> |   |  |    |  |    |
|                                         |   |  |    |  |    |
| Lugar y data                            |   |  |    |  |    |
|                                         | , |  | de |  | de |

|                                 |
|---------------------------------|
| Secretaría Xeral para o Deporte |
|---------------------------------|